

Martes, 3 de abril de 2001

## A TELEVISIÓN DE GALICIA E A LINGUA

**Interveñen:** Xosé Luís Regueira, profesor de Lingua Galega na Universidade de Santiago de Compostela; Xosé Antón López Dobao, asesor lingüístico da Televisión de Galicia; Charo Pena, actriz e directora de dobraxe; Salvador Pérez Froiz, lingüista da área de Deportes da Televisión de Galicia.

**Moderador:** Francisco Seoane.

**Temas de debate:** A problemática da fixación dun modelo de estándar fonético para o galego. O galego dos locutores e presentadores. O control da calidade lingüística nos informativos e nas dobraxes.

– **Francisco Seoane:** Estatutariamente, unha das razóns de ser da Televisión de Galicia é a da promoción da lingua e da cultura galegas. Nesta mesa trataremos o tema da lingua. Tal e como relataba o xornalista Xosé Luís Blanco Campaña no debate dedicado á posta en marcha da TVG, a calidade das dobraxes dos filmes era un dos aspectos máis criticados nos primeiros anos de vida da canle. Hoxe en día ese debate trasladouse desde o terreo da dobraxe ó terreo dos xornalistas e presentadores, dos que se cuestiona en numerosas ocasións a calidade lingüística das súas alocucións. Segundo a opinión dalgúns expertos, non contribúen á fixación dun modelo de estándar fonético para o galego. Cómpre lembrar que a Televisión de Galicia non só é un motor da normalización do léxico, senón tamén da fonética.

Para obter unha visión cualificada, unha visión dun recoñecido filólogo, contamos hoxe coa presenza de Xosé Luís Regueira, profesor do departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago e investigador do Instituto da Lingua Galega. É autor, xunto cos profesores Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo, da *Gramática Galega* publicada pola Editorial Galaxia en 1986, un libro de uso moi estendido no ámbito escolar e que durante moito tempo foi unha referencia básica para tódolos galegofalantes. Regueira é o coordinador de *Os sons da lingua*, un manual de recente publicación (Edicións Xerais, 1998) que pretende ser un instrumento para a aprendizaxe, a práctica e o perfeccionamento da lingua galega oral. Utilísimo, por certo, para nós, os xornalistas.

Contamos tamén con Xosé Antón López Dobao, filólogo e asesor lingüístico da TVG. Autor de varios traballos de lexicografía, sociolingüística e normalización e planificación lingüística, ten traducido á nosa lingua a escritores como Orwell ou Salinger.

Seguindo coa presentación dos convidados, temos o pracer de ter nesta mesa a Sharon Stone, Susan Sarandon e Juliette Binoche... ou cando menos á voz de todas elas. E esa voz non é outra que a de Charo Pena, actriz e directora de dobraxe de estreos tan importantes como *A lingua das bolboretas*, de José Luis Cuerda, *Sei quen es*, de Patricia Ferreira, ou *Cando volvas ó meu lado*, de Gracia Querejeta.

Por último, participa tamén neste debate Salvador Pérez Froiz, asesor lingüístico da sección de Deportes da TVG. Un área ben interesante, na medida en que a lingua empregada polos xornalistas deportivos goza dunha grande penetración social.

– **Xosé Luís Regueira:** Eu quería tomar unha perspectiva algo máis ampla e, como unha especie de *zoom*, acerca-la ó caso do galego, para ver que detrás deste tipo de opinións e de afirmacións hai algo máis ca criterios lingüísticos. E vou empezar cunha noticia que vin hai varios anos nun informativo dunha cadea xeralista española. Era unha noticia de axencia, ou ben tomada dunha televisión americana, que falaba do descubrimento dunha nova tribo no Amazonas. Aparecía un vídeo onde había un xornalista loiro, falando inglés, probablemente americano, entrevistando a un indíxena amazónico. O indíxena dicía un par de frases no micrófono e despois había un comentario con voz en off: “Este pobo é tan primitivo que falan imitando os sons dos paxaros ó cantar”.

Claro, eu pasei como un cuarto de hora rindo da ignorancia e da estupidez do que redactara aquela noticia. Pero, seguramente, o 95 por cento dos que oíron aquela noticia non notou nada estraño. Seguramente lle encaixou perfectamente ben na súa maneira de entender o mundo. Alí tiñamos un xornalista occidental, europeo ou americano, cun micrófono –tecnoloxía avanzada– fronte a un indíxena cunha lanza na man, medio espido, e que falaba unha lingua incomprendible. Tan incomprendible como era o inglés para o indíxena.

Pero, evidentemente, non podemos comparar. O inglés sabemos que é unha lingua de cultura. Sabemos que é a lingua de xente branca, de xente civilizada, con tecnoloxía. A outra era unha lingua de xente inculta, atrasada, primitiva. Non podía ser unha lingua. ¡Eso non pode ser unha lingua como o inglés! ¿¿Como o vai ser!? E o

xornalista, de feito, situaba a aquel señor por detrás dos paxaros na escala zoolóxica. *Imitaba* o canto dos paxaros. Nin sequera creaba unha linguaxe propia, senón que imitaba á dos animais. É dicir, para o xornalista aquel señor estaba por detrás de moitas especies animais no desenvolvemento cultural e intelectual. Esa actitude, no fondo, non ten nada que ver coa lingua. Porque calquera que colla un manual de lingüística verá que aí as afirmacións son constantes e reiteradas... Non hai un lingüista no mundo que se atreva a afirmar que hai linguas superiores a outras desde o punto de vista intrínseco.

É dicir, tódalas linguas, desde o punto de vista da súa estrutura, son esencialmente equiparables. Non iguais, pero equiparables. Se hai unha lingua que é moi simple na morfoloxía, vai ter unha sintaxe moi complicada. Ou se é simple na sintaxe, vai ter unha morfoloxía moi complexa. Eso é coñecido. Non hai estadios evolutivos diferentes nas linguas. É dicir, as linguas dos pobos da Idade de Pedra son tan complexas, pertencen ó mesmo estadio evolutivo có inglés ou có español. Non hai linguas primitivas e linguas desenvolvidas, nese sentido.

Evidentemente, o que hai detrás deso non é unha afirmación lingüística, senón unha afirmación da superioridade do home branco, da superioridade que percibimos, e que ó mellor non nos atrevemos a manifestar, porque é incorrecto politicamente: superioridade tecnolóxica, social, cultural, intelectual... e superioridade lingüística. Eso é o que se está afirmando. Esa superioridade que, se a analizamos como estamos facendo hoxe, veriámola como racista. Nós non podemos ser racistas e, polo tanto, non podemos afirmar que hai pobos intelctualmente superiores a outros.

Sabemos que hai intentos dos americanos nos anos 20, nos anos 10 do século pasado para demostrar a superioridade intelectual do home branco sobre o negro, e sábese que boa parte eran fraudes científicos directamente e outros casos eran estudos claramente sesgados para demostrar o que se quería demostrar. Pero, desde o punto de vista da lingua, parece ser que aí non hai ningún problema para afirmar a superioridade. Falamos de linguas ricas e de linguas pobres. Hai unhas linguas que teñen uns grandes recursos, e outras que son pobres, simples, etcétera, etcétera. Esa concepción está moi arraigada na xente, en todo tipo de público. Sen embargo, calquera lingüista vos pode afirmar que unha lingua ten exactamente as palabras que necesita. Nin máis nin menos.

Moreno Cabrera, un catedrático da Universidade Complutense [de Madrid], publicou o ano pasado un libríño que se chama *La igualdad y dignidad de las lenguas*, en Alianza Editorial. Unha obra moi interesante, na que se di: “Si no se habla de Matemáticas en una lengua es, sencillamente, porque esa lengua nunca se ha utilizado

para hablar de Matemáticas, y no porque no sirva para hablar de Matemáticas”. E no momento en que necesita falar de Matemáticas, desenvolve os recursos necesarios. Polo tanto, temos que empezar a partir dese paso.

Outra cuestión é que, claro, non podemos comparar o inglés coa lingua daquel indíxena porque o inglés sabemos que é unha lingua internacional, unha lingua de moitos millóns de persoas.

Ademais da riqueza, da que se fala ás veces, un argumento ó que se recorre constantemente é ó dos millóns de persoas (por exemplo, o inglés, catrocentos millóns, o español, trescentos, catrocentos, cincocentos millóns, etcétera...) coma se o número fose unha cuestión que avalase a calidade e a riqueza da lingua. Pero o número de falantes non ten nada que ver coas propiedades da lingua. Ten que ver con outro tipo de cuestións que non teñen nada que ver coa lingua.

David Crystall, un lingüista inglés moi coñecido, publicou no ano 1999 un libro que se chama *O inglés como lingua mundial*, en Oxford. Cando fala da expansión do inglés no mundo, di que evidentemente eso non ten nada que ver coa calidade ou coas propiedades lingüísticas do inglés. E di o seguinte –traduzo do inglés–: “¿Por que o grego se converteu en lingua de comunicación internacional en Oriente Medio hai máis de dous mil anos? Non por causa do intelecto de Platón e Aristóteles. A resposta está nas espadas e nas lanzas empuñadas polos exércitos de Alexandre O Magno. ¿Por que o latín foi coñecido por toda Europa? Pregúntenlle ás lexións do Imperio Romano. ¿Por que o árabe chegou a ser falado tan amplamente a través do norte de África e en Oriente Medio? Sigán a expansión do Islam, levado pola forza dos exércitos mouros no século VIII. ¿Por que o español, o portugués e o francés chegaron ás Américas, a África e ó Extremo Oriente? Estudien as políticas coloniais dos reis e raíñas do Renacemento e a maneira en que esas políticas eran despiadadamente aplicadas polos exércitos e as armadas por todo o mundo coñecido. E o inglés non foi unha excepción”.

Evidentemente, as linguas que se expanderon por outros continentes e por outros países son froito dunha conquista militar. De conquista militar e de etnocidio, é dicir, da destrución das culturas existentes neses países. Estámolo vendo agora en Brasil, estámolo vendo noutros países de Sudamérica, se queremos velo. Estámolo vendo en Norteamérica, co que está pasando coas culturas indíxenas, que están practicamente desaparecidas. Gracias a eso, hoxe hai grandes territorios que falan inglés, francés, portugués... Unha cousa é inseparable da outra.

Polo tanto, cando nos gabamos de que tal lingua ten trescentos millóns de falantes e se fala en vinte países, ou tal outra a falan tantos millóns en tantos outros países, estamos gabando as consecuencias dunha conquista militar, dun xenocidio –segundo algúns–, en calquera caso, si dun etnocidio, que é a destrución das culturas que había nesas territorios. Destrás deso hai claras implicacións ideolóxicas e políticas. Non estamos falando de lingua; estamos falando doutras cousas.

Outra cuestión está en que, claro, tamén podemos falar de que unha lingua é superior a outra porque existe un Shakespeare, un Dostoyevski ou un Cervantes, é dicir, porque hai detrás unha literatura e unha lingua rica que merece ser coñecida, fronte a outras linguas que se supón que non teñen ese tipo de recursos. Entón aí entramos nas linguas escritas, nas linguas literarias e demais, que é un fenómeno que parte de Europa e que logo se estende a outros lugares.

Acercámonos a Europa e encontrámonos con que todo esto das linguas escritas, na maneira en que as coñecemos hoxe, arrinca do final da Idade Media, e sobre todo, a partir do Renacemento (séculos XV–XVI). Nesta Europa, na que os romances empezan a servir para substituír ó latín (que era unha lingua dunha pequena minoría, para a administración dun reino, para o soporte ou vehículo lingüístico de obras literarias, etcétera) empezan a formarse unhas linguas escritas, que poden ser o francés ou o italiano. ¿Que lingua é a que se escribe? .

Tomemos o caso de Francia, por exemplo. Alí, os romanos asimilan lingüisticamente ás poboacións galas e toda Francia, agás algunha esquina, como é o caso bretón, acaba falando latín. En cada lugar, ese latín vai evolucionando de maneiras diferentes, e aparecen variedades rexionais, un fenómeno parecido ó que pasa coas falas galegas: en cada sitio fálase lixeiramente diferente. Esa é a situación do francés falado en Francia.

Na Idade Media empeza a escribirse en francés. ¿En qué francés? Evidentemente, na variedade lingüística da Corte e da xente que a arrodea. Son os que utilizan a lingua escrita; o resto da xente non o fai. Son esas elites aristocráticas as que empezan a desenvolver esa lingua escrita. Ó final da Idade Media, no Renacemento, hai un gran desenvolvemento urbano, aparece unha burguesía cada vez máis forte e aparece aí unha reformación desas linguas, que coñecen unhas transformacións que as converten no que hoxe coñecemos: o francés, o italiano, o español, etc.

Á hora de desenvolver unha variedade para a comunicación escrita ou literaria, ¿sobre que lingua escrita se vai codificar? Evidentemente, aquela que está baseada na

Corte, nesas elites urbanas que empezan a aparecer. Co desenvolvemento das cidades, esa variedade vaise extendendo a través da Administración do Estado ós gobernadores, ós administradores en nome do rei, etc. Van estender por todo o territorio esa variedade lingüística e van ir asimilando ós notables de cada provincia, que van ir cambiando a súa lingua natural por esa lingua máis prestixiosa na medida en que teñan a posibilidade de ascender socialmente.

Ese proceso foi lento ata tempos recentes. Algunhas estimacións din que en Francia, a finais do século XVIII, é dicir, na época da Revolución Francesa, aproximadamente o 90 por cento dos cidadáns franceses non entendían o francés. O francés tal como hoxe o coñecemos. Eses franceses falaban o que lle chamaban *patois*, é dicir, as variedades locais naturais. Aparece o Estado Moderno, e a variedade lingüística falada polas clases sociais altas é difundida e apoiada dunha maneira moi forte a través da Escola. Convértese nunha “cuestión nacional” a difusión desa lingua, que se impón a través da Escola, do Exército, da Administración. Sobre todo cando hai linguas diferentes, como é o caso de Francia ou de España.

Por tanto, empeza unha asimilación acelerada desde o Estado e, sobre todo, producida tamén de maneira natural co desenvolvemento das cidades no século XIX. A poboación urbana, empezando polas capas altas, vaise assimilar a ese tipo de linguas e, por exemplo, hoxe en día, en Francia, ¿quen fala *patois*? Practicamente están desaparecidos os *patois*. En España, ¿quen fala as variedades autóctonas ou os dialectos do español? ¿Onde van? Están desaparecendo. Queda, eso si, o andaluz, unha especie de subestádar sureño que ten unha relativa presenza, pero nada máis.

Neste punto, España, coma moitos outros países, inciou a centralización e a asimilación levada a cabo en Francia. De feito, o Estado Español, a principios do XIX, imitou non só esta cuestión. Se pensades na división provincial, veredes que foi tomada da división en departamentos que había en Francia; se pensades no famoso quilómetro cero –tódalas estradas teñen que pasar necesariamente por Madrid– veredes que está feito a imaxe e semellanza de Francia, onde toda viaxe importante tiña que pasar necesariamente por París. Hoxe esta cuestión queda un pouco obsoleta coas autovías, pero seguimos tendo quilómetro cero aéreo. Estase facendo un macro-aeroporto en Madrid porque non podemos ir de Santiago a Alemaña, por exemplo. Non, temos que ir a Madrid e de alí a Alemaña. Seguimos tendo un quilómetro cero en Barajas. Para ir a calquera parte temos que seguir pasando necesariamente pola capital. Eso tamén

sucedeu coa lingua. Esa lingua das elites sociais foise expandendo e configurouse o que hoxe coñecemos como español estándar ou francés estándar.

A partir desa difusión da cultura escrita, das variedades lingüísticas desas elites urbanas, aparece unha discriminación lingüística evidente: hai xente que fala esas variedades e hai xente que non as fala. E aparecen unha serie de valoracións: o estándar é o correcto. É o que se ensina na Escola, o que se escribe. O que non é estándar, é non-estándar, é incorrecto, é vulgar, debe ser corrixido. Unha función que tiñan os mestres de Escola era corrixir os defectos de linguaxe dos alumnos. Defectos de linguaxe que eran formas alternativas, formas diferentes das que se escolleran como estándar. E eso segue estando presente na xente. Seguimos dicindo: "Eso está mal, dise desta maneira". ¿Por que está mal? Porque non é como o que se prescribe.

En España hai unha Real Academia Española, que evidentemente non está feita por obreiros ou por xentes de estracción de clase baixa, que é a que se dedica a velar pola corrección idiomática. Unha academia que, por certo, está copiada nos seus fins, na súa composición, etcétera, da Academie Française, que funcionaba xa desde o século XVII.

Ben, todo isto lévanos entón a esa especie de discriminación lingüística en que hai xente que fala unha lingua que é correcta, que é culta, que é digna de imitar... e hai outra xente que fala unha lingua que é vulgar, que é popular, que é incorrecta... Evidentemente, os termos non teñen nada que ver coa lingua; teñen que ver coa posición social da xente. É dicir, non é realmente unha discriminación lingüística, é unha discriminación social. A lingua forma parte da sociedade, é un aspecto da sociedade. Non obstante, hoxe é incorrecto, é inaceptable, que exista unha discriminación baseada na raza, na relixión ou nas ideas políticas. Por eso está recollido nas leis.

Sen embargo, é perfectamente aceptable que siga habendo discriminación baseada na lingua que se fala. Di, por exemplo, un sociolingüista como Walt Wolfram: "O non recoñecemento da lexitimidade das diferencias lingüísticas pode levar a un tipo de discriminación tan grave como outras formas baseadas na raza, no grupo étnico ou na clase. A discriminación lingüística non pode ser considerada menos grave ca calquera outra posible discriminación". Non obstante, estámolo vendo.

Entrando xa na última etapa deste achegamento, repararemos na situación do galego. É unha das variedades faladas dentro do Estado Español e, polo tanto, sofre a mesma asimilación que sofren as outras variedades faladas en España. Os delegados do

poder real van implantándose en Galicia e comezan o seu proceso de asimilación: aparece a Escola en español, a Igrexa en español, e todo o demais en fases sucesivas. Polo tanto, o galego é todo el rural, é non-estándar, é rechazable, non válido para a comunicación.

A principios do século XIX empeza a haber un cultivo e un intento de crear unha lingua literaria. ¿A partir de que? A partir da lingua falada, porque non había unha tradición escrita. Pero todos os que desenvolven eses estándares galegos son xente urbana que ten postos na administración ou profesións liberais. Son xente afeccionada a escribir, xente de Letras, de lingua escrita, xente moi formada, evidentemente, en español. Na maior parte dos casos, están instalados, persoal e familiarmente, no español. A súa lingua familiar é o español. ¿Basearanse na lingua popular cando empezan a escribir en galego? Si, toman elementos da lingua popular, pero basicamente o modelo que teñen é o do español estándar. É dicir, á hora de escribir un texto culto, acoden ós modelos escritos do español que eles coñecen. Collen os elementos e palabras da lingua popular e pásanas a eses modelos sintácticos deses textos que eles coñecen. En certa maneira, o galego vai reproducir ese esquema. Vai aparecer un galego escrito cada vez máis distanciados da lingua falada, un galego que, en principio, ten como modelo fundamental ó español.

Despois, na época Nós, busca modelos alternativos como o galego-portugués ou modelos do estándar portugués ou francés. O obxectivo dos galeguistas foi sempre o de crear un estándar galego culto equiparable ó do español, ó do francés ou ó do inglés. De maneira que esa lingua escrita foi facéndose cada vez máis distante da lingua falada.

Hoxe encontrámonos con que hai uns anos aparece un galego falado en instancias en que se esixe que sexa estándar. Había un galego escrito, pero non había un galego falado que chegase á xente desde lugares ou funcións para os que se requirise un estándar. A Igrexa non falaba en galego, a Escola non falaba en galego, non había medios de comunicación falados que utilizasen o galego. O galego aparecía unicamente nos chistes do Xestal, durante os anos 60.

Cando aparece a televisión falando en galego, foi a Televisión Española en Galicia, bastantes anos antes que a Televisión de Galicia. E cando aparecen programas de radio que utilizan o galego, e logo cando aparecen a TVG e a Radio Galega, hai o problema de que, claro, agora... ¿que lingua usamos aquí? Había un galego escrito de certo prestixio, pero non había un galego falado propio das clases elevadas e que fose de por si prestixioso, aceptado por esas clases e para esas funcións.

Entón aquí é onde xorden eses problemas. ¿De onde proceden a maior parte dos profesionais que utilizan o galego neses medios? Basicamente, son xente das clases medias urbanas, que na súa maioría xa non teñen o galego como lingua propia, como lingua primeira ou materna. Algúns deles pasáronse ó galego, outros só se pasan ó galego cando está o micrófono diante –pero, bah, non lles parece mal–, e outros ós que lles parece mal, pero a nómina é a nómina. Bieto Iglesias dicía hai pouco en *Tempos Novos* que a política social dos últimos tempos do franquismo tivo a virtude de incrustar certos chapóns das clases baixas na clase media. Ben, usando un pouco a expresión esa, tamén hai algún chapón da clase baixa incrustado aí, pero son os menos.

Entón, o que sucede na televisión con respecto da lingua, é o que sucede nos outros lados. A televisión non é nin mellor nin peor que o resto da sociedade. É un medio. E os que se expresan a través da televisión son as persoas que hai na sociedade. Claro, teñen os seus intereses de grupo, as súas estratexias persoais como se falou onte aquí. Hai tamén estratexias de clase, aínda que a palabra non estea de moda. E aí saen estas contradicións.

Cando empezamos a facer uns pequenos cursos de formación para presentadores e demais, lembro que unha xornalista da televisión comentoulle a un dos profesores: “¿Non pretenderán que falemos esa *paletada* que fala a rapaza de *A Repanocha*? *A Repanocha* era un programa de chistes, e había unha presentadora que era Isabel Blanco. A min chocoume porque foi a primeira vez que vin na televisión a unha presentadora que tiña mellor galego cá maioría dos asistentes ó programa. Para esa señora ese galego era unha “paletada”. Eu digo “tiña mellor galego”. ¿Que quere dicir “mellor galego”? Mellor galego para min, claro, porque eu tamén teño a miña ideoloxía sobre esta cuestión. Entón, para min, ideoloxicamente era mellor galego, para esa señora era peor galego. ¿Por que? Porque o estamos vendo desde dous grupos de interese diferentes. Para min, eu estou defendendo que o galego culto –se é que existe tal cousa–, é dicir, o galego utilizado nos medios de comunicación, deba manter unha fidelidade alta respecto da lingua histórica, da lingua herdada, da lingua que chegou a nós a través da Historia. Evidentemente, ese galego ten que ter sete vocais, porque tódalas variedades de galego históricas coñecidas teñen sete vocais. É o español o que ten cinco vocais. É dicir, debe ser fiel, polo menos ata un certo grao, a ese galego histórico.

Claro, esa é a miña maneira de velo. A maneira de velo da outra señora é que ese galego non é propio dos medios de comunicación, é propio de paletos, e polo tanto o galego que se debe falar na televisión é un galego máis culto, máis elegante, máis fino,

máis propio das clases que non son rurais. É dicir, un galego que se asemelle máis ó modelo de cultura que realmente permanece aí, que segue sendo o español. Cando falamos destas cousas, entón, non estamos falando de lingua, senón de ideoloxía social, de ideoloxía en xeral e de sociedade. Eso era o que quería deixar para a reflexión. Da dobraxe e dos presentadores falaremos, se queredes, máis tarde, cando preguntedes.

– **X. Antón L. Dobao:** A historia da dobraxe é unha historia moi complicada. De todas formas, está aquí Charo [Pena], que pode contar moitas cousas sobre eso, porque ela viviu esa profesión desde o primeiro momento e desde dentro. Eu creo que o problema da dobraxe en Galicia non o podemos analizar se non temos en conta as cuestións das que falaba Regueira, que eu creo que son a introducción necesaria á situación. Eu simplemente engadiría algunha reflexión a maiores ou algunha reflexión respecto a algún aspecto concreto para suscitar ideas sobre as que logo poidamos debater.

Evidentemente, en todo ese proceso histórico de tódalas linguas modernas do que falaba Regueira, chegamos a un punto no que non sabemos moi ben cara onde van camiñar as diferentes culturas que formamos parte do mundo, tanto as culturas que forman parte da traxectoria “imperialista” como as culturas minorizadas. Non sabemos exactamente cal vai ser o paso, pero estamos nunha situación na que tódalas linguas, dunha ou doutra maneira, se poden ver afectadas. Eu creo que, neste momento, todo ese proceso de fixación de estándares ríxidos para cada unha das linguas institucionalizadas tamén pode sufrir determinadas modificacións porque, como todos estades fartos de escoitar e seguramente de comentar, o universo xerado pola Galaxia Gutemberg está pasando en parte á historia e estamos noutro ámbito, no que a comunicación oral ou audiovisual ten unha preponderancia que ata hai moi poucos anos nunca tivo.

Se eso o unimos a eses novos medios de comunicación, que en moitos casos serán medios de contra-información, que aparecen na Internet, eso vai afectarlles ás linguas e ó concepto de estándar. Creo que unha lingua na actualidade gaña futuro na medida en que sexa quen de gañar eses espazos. Como o espazo audiovisual – fundamental – que se está convertendo nun dos espazos que contribúe a outorgarlle certos niveis de prestixio social a unha lingua, imprescindibles para situarse en posición normalizada nunha sociedade. Evidentemente, tamén o ámbito escrito. Pero este ámbito tamén vai sufrir modificacións porque creo que podemos comprobar nós mesmos que cando escribirmos un e-mail estamos empregando a lingua escrita xa doutra maneira.

Maioritaria, se atendemos ó número de falantes, pero eivada desde o punto de vista do prestixio social, aínda hoxe.

Entón, chegados a ese momento, é necesario que calquera que reflexione ou que teña capacidade de intervir sobre a lingua neses ámbitos, se pare a pensar nos posibles modelos de lingua oral que é necesario poñer en funcionamento na sociedade se queremos que esas comunicacións públicas teñan os efectos que deben ter desde o punto de vista normalizador. É dicir, que o espectador se sinta identificado efectiva e afectivamente con ese modelo de lingua. A partir de aí é cando se empeza a traballar en determinados ámbitos relacionados coa Televisión de Galicia, que eu creo que é unha illa absolutamente deserta no panorama do discurso oral público en Galicia. Empézase a traballar ó redor non da explicitación dun modelo de lingua oral, pero si da súa execución, da súa implementación, como din agora. E eso xera conflitos moi importantes porque, efectivamente, a lingua non é un problema filolóxico en absoluto, é un problema social. A lingua séntese como un problema na medida en que afecta á vida, ás persoas. Unha clase social pode sentir esa lingua como problema nun ou noutro sentido porque vai afectar ás súas posibilidades de cambio social e a outras moitas cousas.

Entón, efectivamente, cando se intervén sobre esa parte do discurso oral, que neste caso é a dobraxe, xérase un conflito inevitable, un conflito de intereses. Empézase, máis ou menos implícitamente, a debater que clase de galego é necesario utilizar en determinados ámbitos da programación da TVG, neste caso en concreto, na dobraxe. En realidade, esa discusión bascula entre dúas formas de ver o asunto. Por un lado, o que é a tradición da dobraxe: tender, nun primeiro momento, como outros ámbitos do discurso oral público galego, a unha especie de modelo non caracterizado, non directamente relacionable coa forma de falar dos galegófonos. E, por outro lado, un intento de reconducir ese primeiro camiño, e intentar identificar as formas do discurso oral público, neste caso da dobraxe, coas formas do discurso oral privado, coa forma de falar que ten a xente que coñecemos todos que fala habitualmente galego, que está instalada no idioma. Aí xérase todo un conflito porque empezan a formar parte dese debate un montón de prexuízos lingüísticos, algúns deles comentados por Regueira.

Eu quería engadir quizais un ou dous que me parecen interesantes. Cando falamos de prexuízo lingüístico non falamos necesariamente de mala fe, falamos doutro tipo de cuestións. Eu creo que un deles é precisamente esa relación entre a lingua escrita

e a lingua oral, esa preponderancia, case inconsciente, da escrita sobre a oralidade. Se eso o relacionamos cos conceptos de lingua e de cultura –non “lingua de cultura”–...

Permitídemme un pequeno inciso. Aínda recordo a Amando de Miguel, que publicamente, nun debate radiofónico, distinguía, como gran sociólogo e como voz autorizada, entre lingua de cultura e lingua vernácula. E explicaba, con toda a seriedade que lle dá a súa cátedra, que o castelán é unha lingua de cultura e o catalán é unha lingua vernácula. A diferenza é moi difícil de percibir se non temos claro que sobre esa maneira de ver a realidade pesa un prexuízo lingüístico e, por suposto, unha ideoloxía política, social.

Digamos que estes dous prexuízos, por un lado a preponderancia da lingua escrita sobre a oral e, polo outro, o concepto de lingua de cultura e lingua de non-cultura ou lingua vernácula, tamén incidiron nese debate sobre a dobraxe e seguen incidindo na posición que cada un de nós como individuos e como grupos poidamos ter con respecto ós posibles modelos para un discurso oral público en galego.

Con todos eses prexuízos acumulados, a eso temos que engadirlle que, por outro lado, cando se trata de falar de modelos para un discurso oral público, no caso galego só podemos recorrer a modelos socialmente non considerados. Seguramente, non temos un actor que vexamos tódolos días na televisión que nos poida servir de referencia e que poida ser imitado na súa forma de falar. Non hai individuos con presenza social nas masas que poidan servir como modelo. O modelo, no noso caso, está nas capas inferiores da sociedade. Co cal aí tamén se produce outro conflito en canto empeceamos a considerar que posibles modelos podemos ter para un discurso oral público.

Eu recordo tamén que non hai moito tempo, debatendo sobre a problemática ortográfica da lingua galega, había un escritor máis ou menos coñecido en Galicia que falaba da necesidade de acudirnos a unha das dúas linguas de cultura que temos ó lado: o castelán e o portugués. O galego non é lingua de cultura. Ademais, dicía que tiñamos moita sorte porque non tiñamos un idioma *raro* como o euskera.

No fondo, seguimos reproducindo os prexuízos que xa o propio Estrabón, alá antes case de empezar a Historia, explicitaba cando lle contaban o que había por aquí. Dicía que non ía describir a lingua que falaban os galaicos porque era unha lingua moi rara e sería moi difícil. Todo eso, levado á realidade sociolingüística de hoxe en Galicia, sitúanos nunha especie de encrucillada estraña que ademais ten implicacións sociolingüísticas moi importantes.

Eu sempre digo que estamos nun proceso inevitable –ou mellor dito, inevitado– de perda de lingua, de xeración a xeración. Estamos nun momento no que, ou se empezan a inverter tendencias de substitución de galego polo castelán, ou non sabemos en realidade onde imos parar. Nese sentido, tódolos elementos que se poñan en funcionamento van ter unha importancia fundamental no proceso de recuperación da lingua. Na medida en que un galegofalante normal, que se sente diante da televisión, e escoite falar en galego, e perciba que ese galego non é exactamente o que el fala, na medida en que perciba esa distancia real entre un e outro modelo oral, vai teimar no seu prexuízo de que a súa forma de falar segue sen ser válida para ser utilizada como símbolo de *status*, como salto na súa posición social. Por tanto, verase nunha encrucillada: ou aprendo a falar da maneira que fala ese locutor, ou fago o que fixeron os meus pais, que é falar en castelán, que ese si que xa teño claro que é un símbolo de *status*.

Entón creo que ese é o elemento fundamental de todo o que poidamos debater sobre dobraxe, sobre formas de falar, sobre identificación dunha lingua ou de outra, ou de modelos... Eu creo que o efecto social deses modelos é o importante e é o que nos debe levar a reflexionar nun sentido ou noutro. Eu creo que, cando falemos de dobraxe ou doutros ámbitos do discurso oral en galego, será interesante que teñamos en conta tamén as dúas clases de textos que se xeran (os textos orais e os escritos, que ó final son orais pero que teñen unha xeración escrita) e que pensemos en aspectos tan importantes como o léxico, a sintaxe ou determinadas marcas morfolóxicas que se utilizan –ou non se utilizan–, e sobre todo nas posibles variedades estilísticas e funcionais que se poden poñer en xogo nun universo tan infinito como a dobraxe.

Eu creo que unha das potencialidades máis importantes da emisión de ficción en galego –sexan dobraxes de filmes ou telefilmes, sexan series de produción propia– que nos permite reflexionar e traballar ó redor da lingua é que nos vai poñer en xogo un universo infinito de posibilidades comunicativas entre seres humanos, moitas das cales non se dan no noso entorno máis inmediato. Cando falamos dunha lingua como o galego, falamos dun idioma en proceso de normalización que ten intención de ir ocupando espazos novos dos que, ata o momento, estivo fóra; espazos sociais e comunicativos xerados recentemente, e reocupar outros espazos nos que hai séculos estivo, deixou de estar e ten necesidade de reocupar.

Pois ben, neses mundos de ficción, todos eses espazos hai que ocupalos, e hai que poñer en xogo á lingua para que se ocupen, polo menos para dar ilusión de

normalidade neses espacios. Para eso imos ter que poñer en funcionamento e en xogo tódolos elementos que a lingua pon ó noso alcance e non só aqueles que nos presta o diccionario.

– **Charo Pena:** Nos inicios da profesión de dobrador en Galicia, había dúas formas de acceso. Unha, recrutar xente que eran profesionais de outras cousas parecidas: teatro, radio... O certo é que apareceu xente de moitos sitios, coa particularidade de que eran profesionais que nunca tiveran un cuestionamento sobre o idioma. Estou falando de xente que falaba de vez en cando galego na radio e nunca ninguén lles preguntara nin lles dixera se falaban ben ou se falaban mal, así que teño que supoñer que pensaban que falaban ben. Eso, por un lado. E por outro lado, había un acceso libre, que foi o que seguí eu, mediante anuncios, cursiños... Escolleron á xente que mellor lle pareceu.

Nas miñas primeiras probas de acceso para dobrar na TVG, había un lingüista que falaba con nós e nos preguntaba cousas. A partir de aí, empezamos a dobrar, uns nunhas empresas, outros noutras... Había naquel momento moitísima dobraxe na Televisión de Galicia, a esgalla, non se daba feito o traballo... Eran turnos inacabables, de tarde e de noite. Así foi evolucionando a cousa, pouquiño a pouco, e non había ningún control lingüístico, que eu saiba. Eu non recordo que ninguén mandara un informe ou dixera “esto faise así ou andando”... Só recordo que os dous grupos de entrada na profesión se foron diferenciando cada vez máis. O grupo “A”, o dos profesionais previamente formados nalgunha outra materia, e o grupo “B”, que eramos os afeccionados que chegamos por calquera circunstancia alí.

O grupo “A” tiña, segundo se dicía daquela, un galego máis culto, máis educado, menos vulgar e, en definitiva, moi parecido ó castelán. E o grupo “B” eramos os que tiñamos un galego como un pouco máis burdo, de clase social máis baixa, un pouco máis vulgar... en fin, en exceso parecido ó galego. Parece un absurdo, pero non o é, e isto levounos a grandes problemas no noso colectivo. A cousa estaba aí, sen dar maiores quebradeiras de cabeza, porque había tanto traballo que había para todos: para os que falaban o galego fino e para os que falabamos o galego menos fino. Non pasou a maiores a cousa. Cada un dos do noso grupo procurabamos, sempre que podíamos, falar mal dos do outro grupo. Entón eles criticaban que como ía dicir Elisabeth Taylor /¿vés comer?/ [con entoación final descendente], cando o normal sería que dixera /¿vés comeer?/ [con entoación final ascendente]. A cousa seguiu por ese camiño durante uns cantos anos.

Todos estabamos nesa tesitura ata que de pronto, non sei por que, apareceron informes lingüísticos sobre o noso traballo, e aí si que se armou. Aí armouse porque ata daquela cada un fixera o que tiña a ben. O que pensaba que tiña que actuar dunha maneira facíao e o que pensaba que tiña que actuar doutra facíao tamén, e eso non significaba ningún tipo de consecuencia grave para ninguén. Pero a partir de aí si que houbo problemas.

Ben, tampouco é exactamente así. Algunhas persoas que quixeron ampliar o seu círculo de traballo, nesta primeira época, sen informes lingüísticos, decidiron facer unha corrección sobre o seu galego e castelanizalo máis, para acceder a un maior grupo de traballo, pero foron catro ou cinco. Na época en que aparece o control lingüístico, que era bastante exhaustivo –ou a nós parecíanolo daquela– xurdiron reaccións moi diferentes: unha primeira reacción dun ataque frontal, de moita xente que traballaba na dobraxe, contra estes informes. Frontal e duro, porque cando se trata do seu posto de traballo ninguén admite críticas e todo o mundo quere ter a razón.

Entón dicíanse cousas como que se noutros departamentos da TVG non había control lingüístico, ¿por que nolo facían a nós? –estou falando en xeral, poñéndome sobre todo no caso máis contrario– ¿Quen era ninguén para facernos un control lingüístico? ¿Ou non había acaso lingüistas nos estudos de dobraxe? Se os lingüistas dos estudos de dobraxe daban por ben feito un traballo, o normal é que ninguén puidera poñerlle tacha a ese traballo. Por outra parte, seguramente había un trasfondo ideolóxico detrás: tratábase de facernos falar a todos un galego moi paleta.

Esto, por un lado. Houbo outra xente que decidiu ver a cousa con máis perspectiva e optou por adaptarse. E aínda que non tiña un galego moi aló, decidiu estudar, prepararse... falalo. Eu sempre poño o exemplo dunha rapaza que empezou comigo, María Pujalte, que seguramente coñeces todos porque agora está traballando en Madrid nunha serie. María, cando empezou, non dicía unha palabra en galego porque non a oíra nunca. Non a sabía, non a coñecía e non a podía dicir. Cando empezou a traballar con nós, aproveitou que estaba nun sitio onde moita xente falaba galego e ós tres días empezou a falar un castrapo impresionante que, ó cabo de tres meses era xa un pouco menos castrapo e, ó cabo de un ano e pico, era unha cousa bastante decente.

Houbo outra xente, isto xa nos últimos tempos, que fixo unha hipercorrección, sen vir a conto de nada. Xente que tiña un galego bo, normal, que nunca tivera ningún problema, debeu pensar que non era o suficientemente bo, e que había que darlle un pouquiño máis de carga. Entón empezou a espatarrar vocais por tódolos lados e a facer

unhas entoacións moi excesivas –vou citar unha frase que mandan moitas veces os lingüistas cando fan informes: “Evítese o exceso de apertura da vocal tal ou cal”– porque nalgún caso era unha esaxeración.

O problema importante xurdiu cando baixou o traballo. Das 1.800 horas que dobrabamos hai trece anos, pasamos a dobrar na actualidade arredor dunhas 250–300 horas ó ano. Ante tamaño declive, baixou moito o número de dobradores que se necesitaba. De repente, non foron necesarios catrocentos actores de dobraxe; chegaba con oitenta, e despois con sesenta... e a este paso con dous.

¿Entón que fixo a xente? Os directores de dobraxe decidimos que, tendo para elixir, íamos elixir os que mellores foran, os que mellor nivel lingüístico e interpretativo deran. E moita xente quedou sen traballo. Entón, non se presentaron ben as cousas por parte de ningún dos implicados no problema, e aí foi cando se crearon os “atacables”, as “bestas negras” como Antón Dobao e Moncho Novo, que eran os que mandaban os informes, os que nos ían sacar o traballo, os que decidían que galego había que falar... Creouse unha situación no meu traballo case insostible, sobre todo no ano 1992, coa folga de Madrid –que despois veu para aquí–. Foi unha fenda no colectivo que non se volveu superar nunca, unha auténtica desfeita.

¿Que situación hai agora? A dun control lingüístico mínimo, supoño que debido máis que nada ó voluntarismo dos profesionais da TVG, que deciden que eso ten que seguir, que o que hai gañado non se ten que perder, non se pode volver atrás, ós tempos nos que cada un podía facer o que lle viñera en gana... pero non penso que haxa unha política da TVG de coidar o galego. Non o creo agora, non o cría hai cinco anos e non o crin nunca. Porque se eso fora así non habería control lingüístico só en dobraxe, habería control lingüístico nos informativos, nos programas de concursos, nos de entemento, nos deportes...

Aquí temos a un asesor lingüístico desa área [Salvador Pérez Froiz]. Voulle comentar un par de bromas que hai polo meu colectivo. Unha é que Galicia é o único lugar do mundo onde ó Celta se lle chama /cilta/ e a Revivo /revivO/ [con vocal aberta ó final]. A outra é que para ser un presentador da TVG hai que ter boa presenza, bos amigos e un correcto dominio do castelán [risas no público].

Unha vez fun facer un traballo a Cataluña e pasoume como a Martin Luther King, tamén tiven un soño. Fun aló e realmente pensei que estaba vivindo nun soño. Pareceume alucinante. Ía dobrar ó galego un anuncio e quedei abraiada do despregue lingüístico que tiñan alí. A empresa que nos contrataba tiña un asesor lingüístico. E

ademais tiñan un contacto lingüístico en Galicia que escoitaba vía telefónica o que nós dicíamos e daba o visto bo ou dicía se había que repetir. Tiñan tal coidado e tal esmero para dobrar unha frase publicitaria, que pensei que estaba soñando. Dixen: “Esto é o que a min me gustaría que houbera no meu país”. Pero non é así.

Os anunciantes descubriron que en Cataluña había que dobrar os anuncios ó catalán, en Euskadi ó euskera, pero en Galicia non era necesario: podíanse emitir en castelán, sen ningún tipo de problema, e se os había que emitir dobrados ó galego, encargábenselle a xente que na vida oiu falar o galego. A eso non se atreven en Cataluña nin en Euskadi. Pero é por culpa nosa. Tampouco imos botar balóns fóra. Cando eles veñen aquí e ven o pouco respecto que hai polo noso idioma, o normal é que a idea que teñan é a de que a nós non nos interesa e que nos dá igual como vaia a dobraxe dese anuncio.

Cando fora a Cataluña dobrar este anuncio, foi na época en que houbera unha polémica sobre un presentador catalán que non querían contratar porque dicían que non tiña un bo dominio do idioma. A min dábame a risa. Dábanme ganas de dicirlle que se viñera para Galicia, porque a idea que teñen por aí é a de que o galego pode falalo calquera, que non hai ningún tipo de problema. Lembro que unha directora de dobraxe – que xa está xubilada – cando deu un cursiño, dicíalle ós rapaces que para pronunciar un “xe” o mellor era xuntar un “s” cun “i”, de xeito que para dicir “exemplo” poderían pronunciar “esempio”, e así soaría moito máis fino. Con estes precedentes, eu aínda digo que a cousa podería estar moito peor, e tampouco creo que a preocupación fose maior.

Soamente quixera dicir que o problema que hai coa dobraxe, como dicían Regueira e Dobao, é o mesmo que hai na sociedade en xeral. Seguramente, se seguides vindo a estas xornadas, escoitaredes o pouco pudor que hai a lanzarse a falar castrapo coma se fora galego sen ningún tipo de prexuízo. Mentres eso non cambie, e mentres na Televisión de Galicia non haxa unha vontade política de cambio sobre o tema do idioma, mentres os lingüistas non estean nos castings para actores ou presentadores... En Cataluña, para ser actor ou presentador na televisión pública catalana hai que saber falar catalán, e ninguén se asusta nin ten que pedir perdón por esixir o catalán para acceder a un posto de traballo.

Penso que o camiño, tal e como está agora, é un pouco desencantante, porque a pesar de que en dobraxe se conseguiu un nivel aceptable, nas novas apostas da TVG eso non é así. O camiño é o anterior. Entón o control lingüístico no eido da dobraxe parece

que foi algo illado que non vai ter continuidade. Se non ten continuidade, foi un fracaso e non serviu para nada. Ademais, xa sabedes que o máis pequeno sempre está condenado a desaparecer. Se o mellor galego da TVG é o das dobraxes, ese é o que vai desaparecer. O que vai quedar é o outro, o galego dos informativos, o galego de todo o que comentabamos. E non sigo falando máis porque me cabreo.

– **Salvador Pérez:** Respecto do tema do galego dos locutores e dos presentadores, estou totalmente de acordo co que dixo Charo Pena, e vouno deixar para o debate. Pero vou falar un pouco sobre o traballo que fago eu en Deportes. En Informativos e en Deportes, o control da calidade lingüística faise nos aspectos morfosintácticos e léxicos, nunca nos fonéticos. Nunca se ten en conta ó asesor lingüístico –ou case nunca– á hora de contratar persoal para presentar ou traballar como xornalista na TVG.

Nos outros aspectos, hai un que é a corrección do texto da noticia sobre a marcha, e esa noticia vai a emisión. Despois tamén fago un boletín no que trato distintos aspectos da lingua. Téño dividido en partes. Unha na que trato a proliferación de expresións miméticas do castelán como “instinto asasino”, “gol estratosférico”, “depredador da área”... Na introducción ó primeiro boletín que fixen, pon: “Na medida en que se fixe un modelo propio claramente identificable, orixinal e correcto, non mimético dos erros doutros idiomas, andarase un camiño correcto. Faráselle un ben á lingua e o espectador saberá sentirse orgulloso da súa lingua e da súa televisión. Conseguir fixar un modelo que cumpra estas características é un obxectivo prioritario”. Ben, pois por aí é por onde trato de ir eu. Xa está, máis breve imposible.

– **Desde o público:** Agás no mundo da dobraxe, ¿é verdade que non hai ningún tipo de control lingüístico noutro tipo de traballos profesionais, como por exemplo cando se contrata a xente para presentar galas? ¿Como é posible escoitar barbaridades como “marabela” en lugar de “marabilla”?

– **X. Antón L. Dobao:** Todo eso é moi complexo. O que denuncias é certo, pero eu creo que neste terreo tampouco debemos simplificar. En primeiro lugar, a televisión non selecciona a ningún profesional dos que traballan nela, que é unha cousa moi curiosa. Tampouco selecciona ós dobradores nin ós actores dunha teleserie. Entón, está facendo deixación dunha responsabilidade coa lingua. Despois, si se pode intervir. Os lingüistas somos o batallón de intervención. Si se pode intervir sobre aqueles programas que son

susceptibles de mellora. Esa é fundamentalmente a razón pola cal se puido empezar a traballar con máis exhaustividade nas dobraxes. Son produccions contratadas, que veñen feitas e que podes mandar que refagan no caso de que detectes erros na fonética.

Pero a política lingüística global é a mesma en tódolos casos. Unhas cousas sairán mellor ou peor, dependendo non só do acerto dos que integramos ese batallón de intervención, senón do feito de que existan profesionais, entre todas esas illas, que teñen un bo dominio da lingua. Por alá atrás [sinalando o fondo da sala] está [Manuel] Pampín, que non sei se agora sae moito. Pero non seriamos xustos se dixeramos que non hai bos profesionais nese sentido.

Por outro lado, hai unha cousa que segue funcionando: o outro símbolo, o símbolo do famoso, da cara que hai que situar en pantalla, que hai que vender, do que é máis ou menos moderno... e en todo ese símbolo funciona o alleo na TVG... e en moitos outros ámbitos, que aí é onde vou eu como conclusión. É dicir, estamos falando no fondo dun ámbito globalmente moi extenso, que é todo aquel que ten contacto co discurso oral público en galego, e estamos centrando tódalas responsabilidades na TVG, que ten tódalas responsabilidades que lle corresponden. A TVG non ten as responsabilidades, por exemplo, sobre quen fai cine en Galicia, nin en que idioma o fai, a que actores chama, etcétera... ou non ten responsabilidade primeira sobre eses traballos que despois, activamente, a propia televisión vai ter que, se se dá o caso, analizarlos e ver a posibilidade de corrixilos.

Porque tampouco estamos falando dun mundo audiovisual que funcione de tal maneira que, desde o primeiro elemento que entra nesa cadea ata o último, teña claro que para comunicar nun idioma, tes que utilizar o código de comunicación do que che vai recibir as mensaxes. Porque se non o compartes, non hai comunicación posible. En ningún dos elos da cadea audiovisual –dobraxa, programas de ficción, produtoras que fan información– hai esa responsabilidade nin esa consciencia. Efectivamente, só publicamente a televisión ten responsabilidade sobre a globalidade e ten que asumila e non a asume. Ó final acabámola asumindo case voluntariosamente o conxunto dos profesionais sobre os que logo se cargan tamén a totalidade das responsabilidades.

Moitas veces, temos que vivir situacións persoalmente incómodas. Pero creo que estamos a falar dun desprezo xeralizado que ten na TVG ó seu máximo expoñente, porque ten máis responsabilidade como entidade pública que está aí, que naceu para eso. Non sabes o cansado que pode ser para un lingüista comprobar que certos xornalistas non poden funcionar, porque o código que usan non é o que utiliza a persoa

que está recibindo esa mensaxe. É cansadísimo. Non creo que ninguén teña a vontade de pasar toda a vida facendo ese traballo. Polo tanto, non hai posibilidade de que falemos dun modelo de oralidade distinto, se en tódolos ámbitos de produción desas mensaxes orais non está claro eso. E o lingüista debe ser un apoio, nada máis. Non pode ser a persoa sobre a que se carguen tódalas responsabilidades.

Igual que chaman a Paula Vázquez, chaman a Nancho Novo para vir protagonizar unha película a Galicia. Estamos ante o mesmo papanatismo e a mesma estulticia, por utilizar palabras de Nancho Novo, cando se refería ó disparate de dobrar unha película ó galego que estaba feita en castelán. Todo isto require tamén unha reflexión sobre o conxunto. Ou hai unha implicación efectiva dos elementos que participan nesa cadea de produción audiovisual, ou dentro de vinte anos estaremos na mesma.

– **Xosé Luís Regueira:** Eu só quería dicir unha cousa. Como non traballo na televisión, podo ser un pouco máis duro. Para que vos figuredes o nivel en que está a situación. Levamos quince anos de televisión, hai xente que está aí desde o comezo, redactores, ós que lle hai que estar corrixindo, desde hai quince anos, os mesmos erros cando escriben. Porque eles non teñen por que saber escribir en galego, para eso está o lingüista. Pero viven de redactar en galego, ¿non? ¿En que medida un profesional pode ser considerado un bo profesional cando non coñece as ferramentas básicas do seu traballo? Porque se ten que redactar en galego terá que saber como se redacta en galego. E se non o sabe, non é un bo redactor en galego, obviamente. Pero para eso está o lingüista, non ten por que aprender.

O mesmo sucede coa lingua oral. Aí xa non fai falta nin lingüista. É dicir, todo vale. Se vedes os Telexornais da fin de semana, saberedes do que vos estou falando. E estamos aí desde hai dez ou quince anos...¡e non pasa nada! A maior parte dos profesionais que están na televisión, a maior parte dos responsables dos informativos e dos programas, consideran que a cuestión do idioma é absolutamente irrelevante. O importante é que o señor comunique ben. Pero, ¿como comunica? ¿Por señas? Se non sabe falar, ¿como comunica, se resulta que a comunicación nese tipo de programa, por exemplo, é fundamentalmente oral? Nós *oímos* a noticia que nos *di*, que nos le, o señor. E se o señor non sabe ler –non sabe ler en galego– ¿como nos comunica? ¿Sería admisible que en español puxesen a presentar os telexornais a un alemán que escasamente saiba falar español? ¿Admitiríao a sociedade? Pero resulta que aquí non só

o admite, senón que á maior parte da xente parécelle estupendo. Por todo esto, insisto: non estamos falando de lingua, estamos falando doutras cousas.

– **X. Antón L. Dobao:** É moi difícil que vexades un artigo de calquera opinador que teña acceso ós medios de comunicación –fóra dalgunha cousa de Alonso Montero, Franco Grande ou Méndez Ferrín– que poña enriba da mesa a deficiente calidade lingüística da TVG. Por eso é moi difícil que haxa un estado de opinión pública neses temas...

– **Xosé Luís Regueira:** Só un dato. As enquisas mostran que á maior parte da xente galegofalante parécelle que os da televisión falan un galego mellor có seu. É dicir, socialmente máis elevado.